

VERDADEIRO OU FALSO.

- 1.- A materia pode presentarse nestes estados: sólido, líquido e gasoso. V
- 2.- Os cambios que se poden producir na materia poden ser físicos, químicos e naturais. F
- 3.- Cando se produce un cambio químico nunha materia, a substancia que se obtén é a mesma que había antes de producirse o cambio. F
- 4.- Un cambio de estado prodúcese cando a materia cambia de posición. F
- 5.- A enerxía é o que fai que os corpos poidan producir cambios. V
- 6.- Existe unha soa forma de enerxía: a enerxía eléctrica. F
- 7.- Existen dous tipos de fontes de enerxía: renovables e químicas. F
- 8.- A luz é unha forma de enerxía que se despraza a 300 000 km por segundo. V
- 9.- O cambio de dirección que experimenta a luz cando choca contra unha superficie opaca e rebota facendo que se reflexe en distintas direccións, chámase refracción. F

CAMBIO FÍSICO OU CAMBIO QUÍMICO

- a) Botas azucre nun vaso con auga . Remexes. – Cambio físico
- b) Tes unha noz. Colles un martelo e golpéala.- Cambi físico
- c) Tes un pao e quéimalo.- Cambio químico
- d) Tes unha peza de ferro e déixala durante tempo no exterior. Cóbrese cunha capa de óxido. Cambio químico
- e) A partir de leite (coa fermentación) obtemos iogur.- Cambio químico
- f) Cortas unha mazá e déixala un tempo ao aire. Ponse marrón (oxídase).- Cambio químico
- g) Trocear una mazá.- Cambio físico
- h) Tes unha cunca, cae ao chan e esnaquízase. Cambio físico
- i) Cando se xunta o gas hidróxeno e o gas oxígeno fórmase agua líquida. Cambio químico
- j) Cando o zume de uva se transforma en viño (fermentación). Cambio químico

k) Cando queimas un anaco de papel. Cambio químico

l) Cando raias un pedazo de queixo cun raiador. Cambio físico

m) Cando se funde un metal por exemplo o oro e pasa de sólido a líquido. Cambio físico